

ACTIVIDADES ECOSISTEMAS

- 1 Une con flechas cada tipo de relación entre seres vivos dun ecosistema co seu exemplo correspondente.

Competencia intraespecífica	Alga e fungo que forman un lique.
Cooperación	Un león alimentándose dunha gacela.
Competencia interespecífica	As pulgas na pelaxe dun can.
Depredación	As abellas polinizando flores.
Parasitismo	Cangrexo ermitaño na cuncha dun molusco.
Mutualismo	O pez rémora e o tiburón.
Simbiosis	Dous tigres macho pelexando por liderar a manada.
Comensalismo	As abellas dunha colmea.
Inquilinismo	As plantas dun bosque buscando a luz.

- 2 As seguintes frases foron cortadas e mesturadas. Debes unir cada metade coa súa parella e volver a construílas.

- a) Os ecosistemas naturais, se non intervén o ser humano nin ocorre ningunha catástrofe natural....
- b) As interaccións que ocorren entre os compoñentes dun ecosistema...
- c) O ser humano é o único ser vivo...
- d) Denomínase desenvolvemento sostible a aquel...
- e) ... capaz de utilizar os recursos naturais dos ecosistemas sen ameazar a súa existencia presente nin futura.
- f) ...non alteran o seu equilibrio, senón que o establecen.
- g) ... mantéñense en equilibrio por eles mesmos.
- h) ... capaz de alterar o equilibrio dentro dun ecosistema.

- 3 Emparella os biomas coas zonas climáticas as que corresponden:

a)	Taiga
b)	Bosque mediterráneo
c)	Sabana
d)	Estepa
e)	Deserto de area
f)	Tundra
g)	Bosque caducifolio
h)	Pradeira

1.	Zonas frías
2.	Zonas temperadas
3.	Zonas cálidas secas
4.	Zonas cálidas húmedas

- 4 Indica a qué tipo de factor abiótico corresponden as seguintes adaptacións.

- a) O exoesqueleto dos insectos
- b) Follas grandes das plantas
- c) Capa de graxa dos animais
- d) Hábitos nocturnos de animais